



REGULAMENTO ELECTORAL PARA A ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE COLOMBOFILIA.

Capítulo III. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.

Artigo 6. Das persoas electoras e elixibles á Asemblea Xeral.

1. Poderán ser persoas electores e elixibles á asemblea xeral:

a) Nos estamentos constituídos por persoas deportistas, persoas que ostenten a condición de xuíces/árbitros, e técnicos/adestradoras, as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1º Ser maior de idade na data de celebración das votacións.

2º Ter licenza federativa en vigor pola correspondente federación deportiva galega na data de convocatoria das eleccións e as dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.

3º Ter participado nas tempadas 2020/2021, 2019/2020 ou 2018/2019, ou, para o caso de modalidades deportivas con tempadas anuais, nas tempadas 2021, 2020, 2019 ou 2018 nunha competición deportiva oficial celebrada en alomenos dúas tempadas. Dadas as excepciónais circunstancias ocasionadas pola evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma, a referencia ás participacións nas competicións oficiais nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións do artigo 8.1.a), amplíase ás tempadas 2018/2019, ou 2019 e 2018 no caso das persoas deportistas ou técnicas/adestradoras que non competiran (ben pola falta de competicións ou por unha causa persoal que impedira a participación), polas circunstancias excepciónais da pandemia, nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.

Este requisito non será esixido para o caso das persoas que ostenten a condición de xuíces e árbitros.

No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais no período indicado anteriormente, abondará con ter participado nunha competición deportiva oficial na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

4º Nas modalidades ou especialidades deportivas en que a actividade deportiva non ten carácter competitivo, será suficiente con ser maior de idade na data de celebración das votacións e ter licenza federativa en vigor pola correspondente federación deportiva galega na data de convocatoria das eleccións e desde xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións.

Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, constitúe requisito específico de elixibilidade nestes estamentos que se trate de persoas que non estean inhabilitadas



para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitadas para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.

b) No estamento de entidades deportivas, as que reúnan os seguintes requisitos:

1º Inscrición desde o mes de xaneiro dos dous anos anteriores ao de celebración das eleccións na federación correspondente e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

2º Participación nas tempadas 2021, 2020, 2019 ou 2018 nunha competición deportiva oficial alomenos en dúas tempadas. Dadas as excepciónais circunstancias ocasionadas pola evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma para o caso do estamento de entidades deportivas, a referencia ás participacións nas competicións oficiais nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións amplíase aos anos 2018 e 2019 no caso das entidades deportivas que non competiran (ben pola falta de competicións ou por unha causa individual que impedira a participación), polas circunstancias excepciónais da pandemia, nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.

No caso de que, por causa de forza maior, non se tivesen realizado competicións deportivas oficiais no período indicado anteriormente, abondará con ter participado nunha competición deportiva oficial na tempada do último calendario oficial desenvolvido.

Ademais dos anteriores requisitos, comúns para ser elector e elixible, non serán elixibles as entidades deportivas filiais ou dependentes que teñan esta consideración segundo os estatutos ou normas da federación correspondente. A efectos electorais equipararanse a estas entidades as que, a pesar de ter estruturas independentes, compartan a lo menos un 50% das súas licenzas.

2. Entenderanse como competición deportiva oficial a incluída como tal no calendario oficial da respectiva federación deportiva de Galicia ou a así cualificada polo órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte. Tamén terán esta consideración as competicións estatais e internacionais oficiais da respectiva federación española ou internacional ás cales a federación galega de Colombofilia estea adscrita.